Lingua oseta


Na Galipedia, a Wikipedia en galego.

O **oseto**,[2] tamén escrito **ossetio**,[3] (en oseto: Ирон æвзаг, tr. Iron ævzag) é unha lingua iraniana falada polo pobo oseto, que habitan principalmente en Osetia, unha rexión do norte da Cordilleira do Cáucaso. É un descendente directo das linguas escitas, sármatas e alanas.[4]

A área oseta en Rusia é coñecida como Osetia do Norte-Alania, mentres que a área sur é coñecido como Osetia do Sur, recoñecido como estado independente por Rusia, Nicaragua, Venezuela e Nauru, pero para a maioría da comunidade internacional forma parte de Xeorxia. O número total de falantes de oseto rolda os 577 450, dos cales 451 000 habitan na Federación Rusa segundo o censo de 2010.[5]

Oseto
Ирон æвзаг (Iron ævzag)

Pronuncia:	[i ˈ ɾon əv ˈ ʒäg]
Falado en:	Rusia, Xeorxia, Turquía
Rexións:	Osetia do Norte, Osetia do Sur
Total de falantes:	c. 570 000 (censo 2001 – 2010)[1]
Familia:	Indoeuropea Indo-iraniana Iraniana Iraniana oriental Iraniana oriental do norte **Oseto**
Escrita:	Alfabeto cirílico Alfabeto xeorxiano (c. 1820–1954) Alfabeto latino (1923–1937)
Estatuto oficial	
Lingua oficial de:	Osetia do Norte (en Rusia) Osetia do Sur
Regulado por:	non ten regulamentación oficial
Códigos de lingua	
ISO 639-1:	`os`
ISO 639-2:	`oss`
ISO 639-3:	`oss (http://www.sil.org/iso639-3/documentation.asp?id=oss)`



Índice

Historia e clasificación

O oseto é a lingua falada e literaria dos osetos, un pobo que habita a parte central do Cáucaso e constitúe a maior parte da poboación de Osetia do Norte, que pertence á Federación rusa, e da Osetia do Sur, que no 2008 declarouse independente da República da Xeorxia.

O oseto pertence ao subgrupo norte do grupo iraniano oriental da familia das linguas indo-europeas. Así, posúe parentesco coas outras linguas iranianas orientais, como o pachto e o yaghnobi.

Desde a remota Antigüidade (séculos VII-VIII a.C.), as linguas do grupo iraniano espalláronse por un vasto territorio, que inclúe os actuais Irán (Persia), Asia Central, e o sur de Rusia. O oseto é o único sobrevivente do ramo nordeste das linguas iranianas coñecido

como cítico. O grupo cítico inclúe diversas tribos da rexión, coñecidas nas fontes antigas como citas, masáxetas, sacas, sármatas, alanos e roxolanos. Os corasmos e os sogdianos tamén eran parentes próximos, en termos lingüísticos.

O oseto, xuntamente co kurdo, o tat e o talysh, é unha das linguas iranianas que ten unha comunidade grande de falantes no Cáucaso. Evolucionou a partir do alano, o idioma falado polos alanos, tribos medievais, descendentes dos antigos sármatas; e acredítase que sexa o único sobrevivente da lingua sármata. A lingua máis próxima, xeneticamente, é o yaghnobi, falado no actual Taxiquistán, único outro membro aínda existente do ramo iraniano oriental do norte.[6][7] O oseto forma o plural a través do sufixo *-ta*, unha característica que comparte co yaghnobi, o sármata e o sogdiano; isto é interpretado como evidencia dunha continuidade dialectal das linguas iranianas nas estepas da Asia Central. Os nomes das antigas tribos iranianas, derivadas do grego, reflicten esta pluralización: por exemplo, sármatas (Σαρομάται, transl. *Saromátai*) e masáxetas (Μασαγέται, *Massaguétai*).[8]

Evidencias de oseto medieval

A mostra máis antiga do oseto escrito é unha inscrición que data dalgún punto entre os séculos X e XII e foi encontrada preto do río Bolshoi Zelenchuk, en Arkhyz. O texto está escrito no alfabeto grego, con algúns dígrafos especiais:

> —ΣΑΧΗΡΗ ΦΟΥΡΤ ΧΟΒΣ
> ΗΣΤΟΡΗ ΦΟΥΡΤ ΠΑΚΑΘΑΡ
> ΠΑΚΑΘΑΡΗ ΦΟΥΡΤ ΑΝΠΑΛΑΝ
> ΑΝΠΑΛΑΝΗ ΦΟΥΡΤ ΛΑΚ
> ΑΝΗ ΤΖΗΡΘΕ

Que pode ser transliterado como:

> —Saxiri Furt Xovs
> Istori Furt Bæqætar
> Bæqætari Furt Æmbalan
> Æmbalani Furt Lakani čirtī

Unha tradución aproximada seria "K., fillo de S., fillo de I., fillo de B., fillo de A.; [este é] seu monumento."[9]

O outro único rexistro existente do proto-oseto son as dúas liñas de frases "alanas" que aparecen na *Teogonía* de Xoán Tzetzes, un poeta e gramático bizantino:

> —Τοῖς ἀλανοῖς προσφθέγγομαι κατά τήν τούτων γλῶσσαν
> Καλή ημέρα σου αὐθεντα μου αρχόντισσα πόθεν εἶσαι
>
> *"Ταπαγχὰς μέσφιλι χσινὰ κορθὶ κάντα"* καὶ τ’άλλα
> ἂν ὃ ἔχη ἀλάνισσα παπὰν φίλον ἀκούσαις ταῦτα
> οὐκ αἰσχύνεσσι αὐθέντρια μου νὰ μου γαμὴ τὸ μουνί σου παπᾶς
>
> *"τὸ φάρνετζ κίντζι μέσφιλι καίτζ φουὰ σαοῦγγε"*

[10]

Arriba, as porcións en itálico están en oseto. Alén dunha transliteración directa do texto grego, os estudosos tentaron facer unha reconstrución fonolóxica utilizándose das pistas que o texto grego ofrece; así, en canto o "τ" (tau) normalmente tería o valor do "t" latino, neste caso este corresponde ao "d", que, se cre, sería a maneira que os antigos osetas a pronunciaban. A transliteración académica das frases alanas é: "dæ ban x^{w}ærz, mæ sfili, (æ)xsinjæ kurθi kændæ" e "du farnitz, kintzæ mæ sfili, kajci fæ wa sawgin?"; posíbeis traducións no oseto moderno serían *"Dć bon xwarz, me’fšini ‘xšinć, kurdigćj dć?"* e *"(De’) f(s)arm neč(ij), kinźi œfšini xœcc(œ) (ku) fœwwa sawgin"*. A pasaxe, traducida para o galego, sería:

> —Aos alanos, saúdoos nas súa lingua:
> "Bo día a vostede, señora de meu amo, de onde son?"
> "*Bo día a vostede, señora do meu amo, de onde son?"* e outras cousas:
> Cando unha muller alana toma un padre como amante, oirás isto:

> "Non ten vergoña, miña señora, que un padre estea a foder a súa cona?"
> "*Non ten vergoña, miña señora, de ter un caso amoroso cun padre?*"

Teorízase que, durante a fase do proto-oseto, o idioma pasou por un proceso de mudanzas fonolóxicas condicionadas por un *Rhythmusgesetz*, ou "lei de ritmo", a través da cal os substantivos foron divididos en dúas categorías, os que posuían acentos tónicos forte e os que posuían acentos tónicos fracos. Os substantivos que tiñam acentos fortes posuían unha vogal longa "pesada", e eran acentuados na primeira sílaba deste tipo a ocorrer na palabra; xa os substantivos de acento tónico fraco eran acentuados na súa sílaba final. Esta é precisamente a situación observada nos primeiros rexistros do oseto, presentados arriba.[11] O mesmo ocorre no oseto moderno, aínda que nel o acento tónico sexa influenciado pola "abertura" da vogal. O fenómeno tamén é notado nun glosario iásico datado de 1422.

Dialectos

Existen dous dialectos importantes do oseto: o iron e o digor, sendo o primeiro máis falado. O oseto escrito é facilmente recoñecido polo uso da letra *æ*, unha letra que non é utilizada por ningún outro idioma que adopta o alfabeto cirílico. Un terceiro dialecto do oseto, o xásico, foi falando na Hungría polo pobo iásico. A inmensa maioría dos osetos fala o dialecto iron ou ironiano, e a lingua literaria está baseada nel. O creador do idioma literario oseto é o poeta nacional Kosta Xetagurov (1859-1906).[6]

Gramática

De acordo co investigador ossto Vasily Abaev,

> No decorrer dos séculos, a influencia e o intercambio cas linguas caucasianas, o oseto tornouse similar a elas nalgúns aspectos, especialmente na súa fonética e léxico. No entanto, o idioma mantivo a súa estrutura gramatical e seu vocabulario básico; o seu parentesco coas familias lingüísticas iranianas, a pesar de considerábeis diferenzas con elas, non pode ser posto en dúbida.[6]

O oseto preserva diversos aspectos arcaicos do antigo iraniano, tales como oito casos e prefixos verbais.[12] Os oito casos non son, no entanto, os casos indo-iranianas orixinais, que acabaron erodindo debido ás mudanzas na fonoloxía. Os casos modernos do oseto, coa excepción do nominativo, derivan todos dun único caso obliquo que sobreviviu do antigo iraniano e acabou fragmentándose en sete novos casos polos falantes de oseto. Isto sería unha reminiscencia do tocariano.

Sistema de escrita

Despois da conquista rusa, o oseto, que até entón non posuía unha forma escrita, pasou a ser grafado no alfabeto cirílico; o primeiro libro en oseto en cirílico foi publicado en 1798. Ao mesmo tempo, o alfabeto xeorxiano era utilizado nalgunhas rexións ao sur do Cáucaso: en 1820 unha apostila foi publicada onde o alfabeto xeorxiano era modificado por tres letras especiais; esta escrita estivo en uso no territorio de Osetia do Sur de 1937 a 1954.

O alfabeto moderno utilizado polo oseto, baseado no cirílico, foi creado por un científico ruso de orixe finlandesa, Andreas Sjögren, en 1844; presentaba letras individuais para cada son (como o alfabeto abecasio moderno). Despois dunha breve experimentación co alfabeto latino tras a caída do Imperio Ruso, as autoridades soviéticas retornaron ao cirílico, incluíndo dígrafos para substituír a maioría dos diacríticos.


РÆСТДЗИНАД
№ 1.

Primeira páxina da primeira edición do xornal *Ræstdzinad*, en oseto (1923).

Esta é a versión do alfabeto cirílico utilizada desde 1937:

А Ӕ Б В Г Гъ Д Дж Дз Е Ё Ж З И Й К Къ Л М Н О П Пъ Р С Т Тъ У Ф Х Хъ Ц Цъ Ч Чъ Ш Щ Ъ Ы Ь Э Ю Я
а ӕ б в г гъ д дж дз е ё ж з и й к къ л м н о п пъ р с т тъ у ф х хъ ц цъ ч чъ ш щ ъ ы ь э ю я

Este é o alfabeto latino que foi utilizado entre 1923 e 1937:

A Æ B C Č D E F G H I J K L M N O P Q R S Š T U V X Y Z Ž
a æ b c č d e f g h i j k l m n o p q r s š t u v x y z ž

Os dígrafos que representaban un só fonema tamén eran utilizados no alfabeto latino (ch, čh, th, dž e outros). O son æ (AFI: /æ/) é extremamente común no idioma, un aspecto que comparte co persa.

Uso do idioma

O primeiro libro impreso en oseto foi publicado en 1798. O primeiro xornal, *Iron Gazet*, foi publicado en 1906, na cidade de Vladikavkaz.

Aínda que agora o oseto sexa a lingua oficial tanto en Osetia do Norte como en do Sur (xuntamente co ruso), o seu uso oficial limítase á publicación das novas leis nos xornais publicados no idioma.

Existen, hoxe en día, dous xornais diarios en oseto: *Ræstdzinad* (*Рæстдзинад*, "Verdade"), en Osetia do Norte, e *Xurzærin* (*Хурзæрин*, "O Arco da Vella"), en Osetia do Sur. Algúns xornais menores, como xornais distritais, utilizan o oseto para artigos illados. Existe unha revista mensual, *Max dug* (*Мах дуг*, "A nosa era"), dedicada principalmente á ficción e á poesia en oseto.

O oseto é ensinado nas escolas secundarias para todos os alumnos. Os falantes nativos do idioma tamén poden facer cursos de literatura oseta.

Notas

1. Ethnologue (ed.). "A lingua oseta en Ethnologue". Consultado o 24 de novembro de 2017.
2. Xosé María Carballeira Anllo, Carme Hermida Gulías, Primitivo Iglesias Sierra, Carme Ares Vázquez, Xosé María Lema Suárez, Rosa López Fernández (2009). *Gran Dicionario Xerais da Lingua*. Editorial Xerais. ISBN 9788499140704.
3. "Entrada ossetio en Digalego". Arquivado dende o orixinal o 01 de decembro de 2017. Consultado o 31 de maio de 2017.
4. Lubotsky, Alexander (2010). *Van Sanskriet tot Spijkerschrift Breinbrekers uit alle talen*. Ámsterdam: Amsterdam University Press. p. 34. ISBN 9089641793.
5. Ethnologue (ed.). "Ossetic". Consultado o 2 de febreiro de 2015.
6. Abaev, V. I. A Grammatical Sketch of Ossetic translated by Stephen P. Hill and edited by Herbert H. Paper, 1964 [1] (http://www.azargoshnasp.net/languages/ossetian/ossetian.htm)
7. Thordarson, Fridrik. 1989. Ossetic. Compendium Linguarum Iranicarum, ed. by Rudiger Schmitt, 456-79. Wiesbaden: Reichert. [2] (http://www.azargoshnasp.net/languages/ossetian/ossetian.htm)
8. Ronald Kim, "On the Historical Phonology of Ossetic: Origins of the Oblique Case Suffix,"*Journal of the American Oriental Society*, Xan-Mar2003, Vol. 123 Issue 1, p. 69
9. op. cit., pp. 55-6. O orixinal traduce apenas as iniciais; presumiblemente, isto sería porque aínda que as formas non declinadas poden ser deducidas, ningún rexistro escrito delas foron encontrados.
10. Ladislav Zgusta, "The old Ossetic Inscription from the River Zelenčuk" (Veröffentlichungen der Iranischen Kommission = Sitzungsberichte der österreichischen Akademie der Wissenschaften. Philosophisch-historische Klasse 486) Wien:Verlag der Österreichischen Akademie der Wissenschaften, 1987. ISBN 3-7001-0994-6 em Kim, op.cit., 54.
11. Ronald Kim, "On the Historical Phonology of Ossetic: Origins of the Oblique Case Suffix,"*Journal of the American Oriental Society*, Jan-Mar2003, Vol. 123 Issue 1, p. 47
12. *Ossetic language*. (2006). Na Encyclopædia Britannica. Visitado a 15 de xaneiro de 2006, Encyclopædia Britannica Premium Service (http://www.britannica.com/eb/article-9057571) Arquivado (https://web.archive.org/web/20071226081559/http://www.britannica.com/eb/article-9057571) 26 de decembro de 2007 en Wayback Machine.

Véxase tamén



Existe unha versión da Wikipedia en ***Lingua oseta***



A Galipedia ten un portal sobre: ***Rusia***

Bibliografía

- Abaev, V.I. *A grammatical sketch of Ossetic (http://www.azargoshnasp.net/languages/ossetian/ossetian.htm) (en inglés)* (versión rusa (http://ironau.ru/ocherk/))
- Abaev, V.I. *Ossetian Language and Folklore*, USSR Academy of Sciences, Moscow-Leningrad, 1949
- Arys-Djanaieva, Lora. Parlons Ossète. Paris: L'Harmattan, 2004, ISBN 2-7475-6235-2.
- Nasidze et al., *Genetic Evidence Concerning the Origins of South and North Ossetians*. Annals of Human Genetics 68 (6), 588-599(2004)

Ligazóns externas

- [3] (https://web.archive.org/web/20120112052627/http://www.eva.mpg.de/genetics/pdf/Nasidze.AnHG.2004.pdf) "Genetic Evidence Concerning the Origins of South and North Ossetians", Max Planck Institute for Evolutionary Anthropology *(en inglés)*
- Páxina do oseto (http://www.peoples.org.ru/oset.html) no proxecto *Minority languages of Russia on the Net (http://www.peoples.org.ru/eng_index.html) (en ruso)*
- Historia do sistema de escrita oseta e unha táboa de caracteres (http://ironau.ru/alfabeto.html) *(en ruso)*
- Informacións sobre o idioma (http://ironau.ru/english.html) *(en inglés)*
- Omniglot (http://www.omniglot.com/writing/ossetian.htm) - Oseto (Ирон æвзаг / Дигорон æвзаг) *(en inglés)*